

RESOLUCIÓN REITORAL DE 23 DE MAIO DE 2023 POLA QUE SE CONVOCAN CONCURSOS DE CREACIÓN AUDIOVISUAL, FOTOGRAFÍA, PINTURA E MAQUETAS DE MÚSICA PARA O ANO 2023

O artigo 105 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade (DOG do 22 de febreiro) establece que a Universidade desenvolverá actividades de extensión universitaria, dirixidas a todos os membros da comunidade universitaria, e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e os Estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Facer pública a convocatoria dos seguintes concursos:
 - XX premio de creación audiovisual.
 - XIX certame de fotografía.
 - XX premio de pintura.
 - XX premio de maquetas de música.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que o regulan no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>)

A participación nos concursos solicitarase no modelo oficial e presentarse xunto coa documentación esixida na sede electrónica da Universidade **dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria ata o 28 de xullo de 2023, ás 23:59 horas** (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

Esta prazo de presentación é tanto para a presentación na sede electrónica da solicitude como da obra (recoméndase que no mesmo día que presenten a solicitude tamén presenten a obra).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 22/06/2022 (D.O.G. do 6 de xullo)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

(asinada electronicamente)

Susana Reboreda Morillo



BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE CONCURSOS DE CREACIÓN AUDIOVISUAL, FOTOGRAFÍA, PINTURA E MAQUETAS DE MÚSICA PARA O ANO 2023**1. CONDICIÓNS XERAIS**

A participación na presente convocatoria supón a aceptación das bases, que poderán ser interpretadas polo xurado e a vicerreitoría de Extensión Universitaria naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

1.1 Solicitudes e documentación

As persoas solicitantes deberán presentar o formulario de solicitude (o formulario atópase nos enlaces especificados en cada premio) na sede electrónica no procedemento “Concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música para o ano 2023”, según o indicado nas bases de cada modalidade.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

A obra subirase na ligazón correspondente á modalidade na que participe, empregando o contrasinal de acceso que aparece no xustificante de presentación da solicitude.

As persoas solicitantes tamén se lles poderán requirir que acheguen os documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para a adxudicación dos premios.

1.2 Resolución e notificación

- O Xurado será designado pola vicerreitoría de Extensión Universitaria e estará composto por membros da comunidade Universitaria e profesionais de prestixio na materia do concurso.
- O fallo publicitarase adecuadamente, podendo consultarse no seguinte enlace <https://www.uvigo.gal/campus/cultura/premios-culturais>.
- A entrega de premios terá lugar no presente ano 2023.
- A decisión do xurado será inapelable. O xurado resérvase o dereito de declarar desertos algún ou a totalidade dos premios.
- O xurado poderá outorgar accésits (especificando razóns da concesión e contía económica) se así o considera oportuno e sempre que non se sobrepasen os fondos destinados a esta convocatoria.
- Os fondos destinados a estes premios irán con cargo a aplicación orzamentaria 2023 00EX 211ECUL 22699, destinándose a este fin a cantidade total de 8.800 euros.
- Ao importe dos premios aplicaráselle a retención fiscal legalmente establecida.
- As persoas participantes neste concurso que resulten premiadas, ceden á Universidade de Vigo os dereitos de difusión, e/ou exhibición, reprodución ou publicación da imaxe ou contido das obras premiadas en calquera das súas publicacións así como expoñelas nalgũa mostra en calquera dos 3 campus, facendo sempre mención ao nome da/s persoa/s autora/s das obras

Non obstante, os/as autores/as poderán facer uso delas mencionando o premio obtido.



1.3 Revogación dos premios:

A concesión destes premios serán revogados polos seguintes motivos e de ser o caso, suporá o reintegro por parte dos premiados das cantidades incorrectamente percibidas:

- A ocultación ou falseamento de datos, ou a alteración de calquera información solicitada.
- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.

1.4 Tratamento de datos persoais

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPd") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar os concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música e amparados por esta convocatoria.

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de prever riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os citados dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER - Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderán dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



PREMIO DE CREACIÓN AUDIOVISUAL

- Poderá participar calquera membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (alumnado, PAS e PDI).
- Pode presentarse calquera traballo amateur e orixinal non galardoado en ningún outro concurso ou festival autonómico, nacional ou internacional. O xurado poderá retirar e declarar nulo calquera dos premios adxudicados se a posteriori se demostra que o traballo en cuestión xa fora premiado en calquera outro concurso ou festival autonómico, nacional ou internacional.
- O tema será libre e haberá 4 modalidades:
 - Curta narrativa.
 - Non ficción
 - Video experimental.
 - Animación.

O material audiovisual contido na obra debe ser de produción propia ou, no seu defecto, compre citar as fontes das imaxes alleas que se inclúan así como o estado dos dereitos de utilización delas.

Todos os traballos presentados en calquera das modalidades, deben estar editados cos seus correspondentes títulos de crédito, nos que obrigatoriamente ten que aparecer citadas as fontes e os autores das imaxes e dos sons ou bandas sonoras; ademais especificarase o ano de produción da obra.

- Cada participante ou grupo de traballo poderá presentar un máximo de 2 obras por cada unha das modalidades.

A duración dos traballos non excederá de 15 minutos.

Solicitud e documentación

1. A persoa autora da obra ou a persoa que representa ao grupo de traballo é a persoa que ten que cubrir a solicitude de participación, asinala e presentala na sede electrónica da Universidade de Vigo.

A solicitude de participación farase cumprimentando o formulario que se atopa na secretaría virtual da Universidade de Vigo

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/11478.

As persoas solicitantes (sexa única ou un grupo de traballo) farán unha declaración responsable, que se atopa no propio formulario, sobre:

- Que non están incurso en ningunha prohibición para obter a condición de persoa/s beneficiaria/s de axudas ou premios.
- Que están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que non ten pendentes de pagamento débedas coa Universidade de Vigo nin son debedoras por resolución de procedencia de reintegro.
- Que a obra é amateur e orixinal e non foi galardoada en ningún outro concurso ou festival, autonómico, nacional e internacional.
- Que se a obra é premiada ceden á Universidade de Vigo os dereitos de difusión e/ou, exhibición, reprodución ou publicación da imaxe ou contido da mesma, en calquera das súas publicacións así como expoñela nalguna mostra en calquera dos 3 campus, facendo sempre mención ao nome da/s persoa/s autora/s da obra.



- Que se coñecen e se entenden todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.
- Unha vez cumprimentado o formulario a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo, hai que xerar o PDF só do formulario, descargalo e asinalo con certificado dixital.
 - A persoa solicitante debe presentar o formulario do apartado anterior (descargado e asinado) a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), no procedemento “Concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música para o ano 2023”, premendo no apartado “INICIAR TRAMITACIÓN”, debendo indicar no “asunto” a que modalidade se presentan e dirixirse ao Servizo da Xestión de Extensión Universitaria.
 - Unha vez rexistrado na sede electrónica da Universidade de Vigo, a aplicación xera o xustificante de presentación da solicitude.
 - Para finalizar, a obra subírase na ligazón correspondente á modalidade na que participe empregando o contrasinal de acceso que aparece no xustificante de presentación da solicitude.

A obra ou traballo debe presentarse en formato de arquivo .mov ou .avi e usando o códec H264 para a súa compresión. **O arquivo deberá nomearse co número de xustificante da presentación.**

Os tamaños máximos dos arquivos serán os seguintes:

- Curta narrativa 1 GB
- Non ficción 3 GB
- Vídeo experimental 500 Mb
- Animación 500 Mb

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

O prazo de presentación de solicitudes inicia o día seguinte ao da publicación da convocatoria e remata o **28 de xullo de 2023, ás 23:59 horas** (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

Esta prazo de presentación é tanto para a presentación na sede electrónica da solicitude como da obra (recoméndase que no mesmo día que presenten a solicitude tamén presenten a obra).

- Establécense os seguintes premios:
 - 700 euros para o 1º mellor traballo de cada modalidade.
 - 400 euros para o 2º mellor traballo de cada modalidade.



CERTAME DE FOTOGRAFÍA

- Pode participar calquera membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (alumnado, PAS e PDI), que non fose premiado en edicións anteriores neste mesmo certame.
- O tema será libre e haberá dúas modalidades:
 - Serie (de 3, 4 ou 5 fotografías)
 - Fotografía única.
- Poden presentarse traballos en branco e negro ou a cor. O tamaño non pode ser inferior a 3.000 px, nin superior a 5.000 px no seu lado máis longo.

• Solicitud e documentación

1. A persoa autora da obra ten que cubrir a solicitude de participación, asinala e presentala na sede electrónica da Universidade de Vigo.

A solicitude de participación farase cumprimentando o formulario que se atopa na secretaría virtual da Universidade de Vigo

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/11479.

A persoa solicitante fará unha declaración responsable, que se atopa no propio formulario, sobre:

- Que non está incurso en ningunha prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria de axudas ou premios.
 - Que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Que non ten pendentes de pagamento débedas coa Universidade de Vigo nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro.
 - Que non recibiu ningún premio nesta modalidade en convocatorias anteriores da Universidade de Vigo.
 - Que se a obra é premiada se compromete a remitir á vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria o negativo ou arquivo dixital en máxima resolución da obra, nos prazos e do xeito que a Universidade decida.
 - Que se a obra é premiada cede á Universidade de Vigo os dereitos de difusión e/ou, exhibición, reprodución ou publicación da imaxe ou contido da mesma, en calquera das súas publicacións así como expoñela nalgunha mostra en calquera dos 3 campus, facendo sempre mención ao nome da persoa autora da obra.
 - Que coñece e entende todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.
2. Unha vez cumprimentado o formulario a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo,, hai que xerar o PDF só do formulario, descargalo e asinalo con certificado dixital.
 3. A persoa solicitante debe presentar o formulario do apartado anterior (descargado e asinado) a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), no procedemento “Concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música para o ano 2023”, premendo no apartado “INICIAR TRAMITACIÓN”, debendo indicar no “asunto” a que modalidade se presentan e dirixirse ao Servizo da Xestión de Extensión Universitaria.



4. Unha vez rexistrado na sede electrónica da Universidade de Vigo, a aplicación xera o xustificante de presentación da solicitude.
5. A obra subírase na ligazón correspondente á modalidade na que participe empregando o contrasinal de acceso que aparece no xustificante de presentación da solicitude.

O arquivo da obra ou traballo debe **nomearse co número de presentación da solicitude** e deberá ter o seguinte formato:

- Serie: en JPG en tamaño de impresión de 240 px por pulgada, cun tamaño máximo de 15 MB por cada fotografía, **usando formato zip para a súa compresión**.
- Fotografía única: en JPG en tamaño de impresión de 240 px por pulgada, cun tamaño máximo de 15 MB.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

O prazo de presentación de solicitudes inicia o día seguinte ao da publicación da convocatoria e remata o **28 de xullo de 2023, ás 23:59 horas** (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

Esta prazo de presentación é tanto para a presentación na sede electrónica da solicitude como da obra (recoméndase que no mesmo día que presenten a solicitude tamén presenten a obra).

- Establécense os seguintes premios:

- Serie: Un 1º premio de 600 euros e un 2º premio de 300 euros.
- Fotografía única: Un 1º premio de 400 euros e un 2º premio de 200 euros.

Os premios da serie e da fotografía única non poderán recaer na mesma persoa.



PREMIO DE PINTURA

- Pode participar calquera membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (alumnado, PAS e PDI), que non fose premiado en edicións anteriores neste mesmo premio.
- Cada participante pode presentar unha única obra orixinal que non fose galardoada en ningún outro concurso.
- A técnica utilizada é libre e o tamaño das obras non debe exceder de 200 centímetros na maior das súas dimensións. A técnica utilizada debe garantir a estabilidade da obra, evitando no posible a utilización de materiais que se podan degradar co paso do tempo.

• Solicitud e documentación

1. A persoa autora da obra ten que cubrir a solicitude de participación, asinala e presentala na sede electrónica da Universidade de Vigo.

A solicitude de participación farase cumprimentando o formulario que se atopa na secretaría virtual da Universidade de Vigo

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/11480.

A persoa solicitante fará unha declaración responsable. que se atopa no propio formulario, sobre:

- Que no está incurso en ningunha prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria de axudas ou premios.
 - Que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Que non ten pendentes de pagamento débedas coa Universidade de Vigo nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro.
 - Que non recibiu ningún premio nesta modalidade en convocatorias anteriores da Universidade de Vigo.
 - Que esta obra é orixinal e non foi galardoada en ningún outro concurso.
 - Que se a obra é premiada, cede á Universidade de Vigo os dereitos de difusión e/ou exhibición, reprodución ou publicación da imaxe ou contido da mesma, en calquera das súas publicacións así como expoñela en algunha mostra en calquera dos 3 campus, facendo sempre mención ao nome da persoa autora da obra.
 - Que se, a xuízo do xurado, se fai unha ou varias exposicións, coas obras presentadas, no ámbito da Universidade de Vigo co seu correspondente catálogo, comprométese a ceder a obra para estas exposicións o tempo necesario para desenvolvesas.
 - Que se coñecen e se entenden todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.
2. Unha vez cumprimentado o formulario a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo, hai que xerar o PDF só do formulario, descargalo e asinalo con certificado dixital.
 3. A persoa solicitante debe presentar o formulario do apartado anterior (descargado e asinado) a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), no procedemento “Concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música para o ano 2023”, premendo no apartado “INICIAR TRAMITACIÓN”, debendo indicar no “asunto” a que modalidade se presentan e dirixirse ao Servizo da Xestión de Extensión Universitaria.

8 de 11

ÁMBITO- PREFIJO**GEISER**

Nº registro

U03800049s23N0000044**CSV****GEISER-9258-5e88-6a19-425a-a3ba-cf8e-8dc5-ba4f****DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN****<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>****FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO****23/05/2023 09:19:49 Horario peninsular****Validez del documento****Original**

GEISER-9258-5e88-6a19-425a-a3ba-cf8e-8dc5-ba4f

4. Unha vez rexistrado na sede electrónica da Universidade de Vigo, a aplicación xera o xustificante de presentación da solicitude.
5. Para finalizar, a obra subírase na ligazón correspondente á modalidade na que participe empregando o contrasinal de acceso que aparece no xustificante de presentación da solicitude.

O arquivo da obra ou traballo debe nomearse co número de presentación da solicitude e deberá ter un dossier en pdf que conteña a seguinte documentación: fotografía da obra, ficha técnica completa da obra (título, data, técnica e medidas), texto explicativo da obra (non superior a 10 liñas e preferiblemente en galego) e opcionalmente breve currículo (non máis de 15 liñas e 5 fotografías máximo doutros traballos).

A extensión do arquivo debe ser .PDF e un tamaño máximo de 15 MB.

Non serán tramitadas as solicitudes presentadas por outras vías.

O prazo de presentación de solicitudes inicia o día seguinte ao da publicación da convocatoria e remata o **28 de xullo de 2023, ás 23:59 horas** (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

Esta prazo de presentación é tanto para a presentación na sede electrónica da solicitude como da obra (recoméndase que no mesmo día que presenten a solicitude tamén presenten a obra).

- **Selección e adxudicación do premio**

1. Na 1ª fase, o xurado fará unha selección entre as propostas presentadas.
O Servizo de Extensión Universitaria porase en contacto cos e coas artistas seleccionadas para a recepción física de ditas obras que se deberán entregar embaladas na Sección de Extensión Universitaria, edif. Miralles Campus universitario de Vigo ou nun lugar alternativo na Universidade de Vigo.
Os gastos de embalaxe e traslado das obras correrán a cargo das persoas participantes. Non se admitirán obras en mal estado.
2. Na 2ª fase, o xurado decidirá a adxudicación dos premios de entre as propostas seleccionadas previamente.

Se a xuízo do xurado, a cantidade e calidade das obras presentadas ao premio así o permitiran, fariase unha ou varias exposicións no ámbito da Universidade de Vigo co seu correspondente catálogo. As persoas participantes estarán obrigadas a ceder as obras seleccionadas para estas exposicións o tempo necesario para desenvolvealas.

- As pinturas premiadas formarán parte da colección artística da Universidade de Vigo.
- Establécense os seguintes premios:
 - 1º premio de 1.000 euros para a obra que resulte mellor valorada.
 - 2º premio de 600 euros para a 2ª obra mellor valorada.



PREMIO DE MAQUETAS DE MÚSICA

- Poden presentarse aqueles solistas que sexan membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (alumnado, PAS e PDI), ou aqueles grupos que teñan entre os seus compoñentes ao menos 2 membros da devandita comunidade ou 3 no caso de grupos de 5 ou máis compoñentes.

Non poden tomar parte neste concurso os que teñan editado algún traballo discográfico, agás que sexa autoeditado e non contén con respaldo discográfico na actualidade.

- Os temas incluídos na maqueta non poden ter sido premiados en ningún outro concurso.

Solicitud e documentación

1. A persoa autora da obra ou a persoa que representa ao grupo de traballo é a persoa que ten que cubrir a solicitude de participación, asinala e presentala na sede electrónica da Universidade de Vigo.

A solicitude de participación farase cumprimentando o formulario que se atopa na secretaría virtual da Universidade de Vigo https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/11481.

As persoas solicitantes (sexa única ou un grupo de traballo) farán unha declaración responsable, que se atopa no propio formulario, sobre:

- Que non están incursos en ningunha prohibición para obter a condición de persoa/s beneficiaria/s de axudas ou premios.
 - Que están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Que non ten pendentes de pagamento débedas coa Universidade de Vigo nin son debedoras por resolución de procedencia de reintegro.
 - Que os temas incluídos na maqueta non foron premiados en ningún outro concurso.
 - Que non ten/teñen editado ningún traballo discográfico, agás que sexa autoeditado e non consta co respaldo discográfico na actualidade.
 - Que se a obra é premiada, permitirán á Universidade de Vigo a posibilidade de editar un CD ou DVD con temas das persoas gañadoras en cada modalidade ou promover actuacións destas.
 - Que se coñecen e se entenden todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.
2. Unha vez cumprimentado o formulario a través da secretaría virtual da Universidade de Vigo, hai que xerar o PDF só do formulario, descargalo e asinalo con certificado dixital.
 3. A persoa solicitante debe presentar o formulario do apartado anterior (descargado e asinado) a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), no procedemento “Concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música para o ano 2023”, premendo no apartado “INICIAR TRAMITACIÓN”, debendo indicar no “asunto” a que modalidade se presentan e dirixirse ao Servizo da Xestión de Extensión Universitaria.
 4. Unha vez rexistrado na sede electrónica da Universidade de Vigo, a aplicación xera o xustificante de presentación da solicitude.



5. Para finalizar, a obra subírase na ligazón correspondente á modalidade na que participe empregando o contrasinal de acceso que aparece no xustificante de presentación da solicitude.

O arquivo da obra ou traballo debe nomearse co número de presentación da solicitude e deberá estar en formato mp3 con calidade aceptable e contará cun mínimo de 3 temas orixinais e cun máximo de 6 (cun tamaño máximo de 15Mb por tema) usando formato zip para a súa compresión.

Non serán válidas as solicitudes presentadas por outras vías.

O prazo de presentación de solicitudes inicia o día seguinte ao da publicación da convocatoria inicia o día seguinte ao da publicación da convocatoria e remata o **28 de xullo de 2023, ás 23:59 horas** (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supón a non admisión a trámite da solicitude.

Esta prazo de presentación é tanto para a presentación na sede electrónica da solicitude como da obra (recoméndase que no mesmo día que presenten a solicitude tamén presenten a obra).

- A Universidade de Vigo resérvase a posibilidade de editar un CD ou DVD con temas das persoas gañadoras en cada modalidade ou promover actuacións destas. Non obstante, as persoas autoras poderán facer uso delas mencionado o premio obtido.
- Establécense os seguintes premios:
 - 1º premio: 850 euros
 - 2º premio: 450 euros.

